

O Concello de Soutomaior, a través das Concellería de Educación e Xuventude pon en marcha un curso de que leva por **Título**:

EMPREGO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Esta iniciativa parte da colaboración entre o Concello de Soutomaior e a asociación TADEGA (Tecnoloxías de Atención á Diversidade na Educación Galega) que é un foro de profesionais maioritariamente galegos de distintos campos profesionais implicados na Educación e, dun xeito especial, na Atención á Diversidade, é dicir: A discapacidade. A multiculturalidade. O mundo do maior. O mundo rural. As altas capacidades. A marxinalidade social..., etc. coa finalidade de achegar as TICS a todas as persoas e rachar as fendas dixitais.

Os **obxectivos** deste curso son:

1. Analizar as estratexias e recursos que favorezan o desenvolvemento persoal e escolar dos nenos e nenas con necesidades específicas.
2. Coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías na atención á diversidade a través da súa manipulación.

Temporalización: 10 horas.

Datas: 3, 10 e 17 de marzo, en horario de 10:00 a 13:30.

INSCRIPCIÓN e lugar de realización: na OMIX, r/ Peirao, 8 – 36690 – Edificio Multiusos Arcade – Concello de Soutomaior – omix@soutomaior.com , www.soutomaior.com/xuventude

O prazo de inscrición remata o mércores 29 de febreiro ás 14 h

Prazas: 16

Custe: empadroados /as: de balde // non empadroados/as: 15 €

Persoas destinatarias: profesores/as, mestres/as, educadores/as, ANPAS, familias e público en xeral interesado no tema.

Contidos do curso:

SESION 1: 3 MARZO

Que é TADEGa ?

Ferramentas: ordenadores táctiles, tablets, comunicadores dixitais...

Exemplos prácticos da súa utilidade: emprego para comunicación diaria en diferentes contextos, como axenda, organizador... (INTIC, Pícaa)

Banco de recursos TADEGa, ARASAAC en galego e Araword

Imparten:

Juan José Fernández García, Emma Mayo Pais e M^a Cruz da Silva Rubio

SESION 2 : 10 MARZO

Configuración de taboleiros de comunicación. Boardmaker e o In-Print.

Experiencias de usuario de emprego de comunicadores

Atrancos na recompilación de imaxes pictográficas para a comunicación

Imparten:

Susana Fernández Carreira e M^a Luz López Díaz

SESION 3: 17 MARZO

Recursos e ferramentas TIC: recursos para facerse con imaxes, sons, vídeos, fotos, etc., e programas para a creación de actividades (LIM,)

Imparte: Belén Junquera Méndez

CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN – Fátima Vidal Gómez

CONCELLEIRA DE XUVENTUDE – Noelia Ocampo González

CONCELLO DE SOUTOMAIOR